



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO  
XUNTANZA ORDINARIA 10 DE DECEMBRO DE 2015**

**ORDE DO DÍA**

- 1.- Aprobación acta sesión anterior (de 22/09/2015).
- 2.- Nomeamento do Representante do Consello Parroquial, para a Comisión Territorial do PXOM.
- 3.- Proxecto “Redondela 2020”.
- 4.- Proxecto de compostaxe e reciclado Redondela 2016-2020.  
(asistirá Concelleiro de Medio ambiente)
- 5.- Propostas para modificación do regulamento Consellos Parroquiais.
- 6.- Varios (Rogos e preguntas).

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas (en primeira convocatoria), do día dez de decembro de dous mil quince, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Noemí Duran Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Adelina Couñago Lara, representante do PP
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
  
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais

Ante a falta de “quórum” (metade de membros do número legal de membros) para celebrar o consello en primeira convocatoria, enténdese convocado automaticamente para as vinte horas e trinta minutos en segunda convocatoria (sendo necesario neste caso alomenos un terzo do número legal de membros do Consello).

Neste caso (2ª convocatoria), sendo as vinte horas e trinta minutos do día dez de decembro de dous mil quince, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Noemí Duran Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Adelina Couñago Lara, representante do PP
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
  
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- Serafín Sobral Bouzon, representante das asociacións veciñais.



## CONCELLO DE REDONDELA

- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións culturais.
- (\*) Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas.
- (\*) Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes

Comparece a esta reunión do Consello, o Concelleiro de Medio ambiente , Participación Laboral e Montes, Don Miguel Ángel Álvarez Ballesteros.

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María Jose Barciela Barros, e asistidos/as de min, Miguel Angel Míguez Novelle, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

### **1.- Aprobación da acta anterior**

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial ordinario celebrado en data 22.09.2015.

Ante a non asistencia maioritaria de membros asistentes en dita sesión, deixase pendente a súa aprobación para o seguinte Consello parroquial por decisión dos presentes.

### **2.- Nomeamento do Representante do Consello Parroquial, para a Comisión Territorial do PXOM.**

A Presidenta decide retirar este punto da orde do día.

### **3.- Proxecto “Redondela 2020”.**

A Presidenta pasa a expoñer o contido do proxecto “Redondela 2020” (xa comunicada anteriormente a celebración deste Consello a tódolos membros



## CONCELLO DE REDONDELA

do mesmo), para que procedan a aportar novas ideas ou votar polas xa existentes.

### **4.- Proxecto de compostaxe e reciclado Redondela 2016-2020.**

Toma a palabra o Concelleiro de Medio ambiente, para expoñer o contido do plan de compostaxe de materia orgánica, en que vai consistir e para potenciar a diminución de aportacións ós contenedores verdes de materia orgánica de recollida do lixo, pretendéndose así minorar o custe do servizo de tratamento do lixo que lle supón o Concello.

O Concelleiro expón que se seguen dando charlas en este sentido en colaboración coa Deputación, en maior medida cara o compostaxe comunitaria de grandes produtores de este tipo de lixo

\* Sendo as 20:40 presentase Don Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas.

O Concelleiro pasa a explicar a posibilidade de sancións os Concellos si para o ano 2020 non se rebaixan as Toneladas de materia orgánica, asimesmo pasa a repartir entre os asistentes o custe do servizo de recollida e tratamento do Lixo.

Manuel Freire Collazo, indica neste sentido que por parte do Concello deberíase controlar aleatoriamente en forma de posibles inspeccións o contido dos contenedores de materia orgánica, con posibilidade de sancións neste sentido.

Anxo Lusquiños López suxire neste sentido que se den as charlas de compostaxe nos colexios para concienciar os rapaces neste sentido.

O Concelleiro informa que xa se están planteando estas charlas nos colexios, asimesmo tamén de cara o compostaxe de restos dos comedores escolares existentes no municipio.

Noemí Duran Lago pregunta si por parte do Concello se realizou unha estimación do aforro que suporía para o Concello o éxito desta campaña.



## CONCELLO DE REDONDELA

O Concelleiro responde que non se marcaron uns obxetivos a conseguir co paso dos anos, e ante comentarios dos asistentes debería ser o propio Concello e seus empregados os primeiros en dar exemplo. Asimesmo explica como se esta planteando este tema a certas comunidades de propietarios e veciños de cara a impulsar certos puntos de compostaxe comunitarios xa estudados.

### **5.- Propostas para a modificación do regulamento dos Consellos parroquiais.**

Manuel Freire Collazo indica que basicamente están de acordo , e fai constancia ao escrito remitido para modificación do regulamento que se pasa a transcribir:

“

## **PROPOSTAS MODIFICACIÓN REGULAMENTO CONSELLOS PARROQUIAIS**

### **-SOCIEDADE CULTURAL DO VISO –**

#### **1. - Novas aportacións-propostas para o regulamento de consellos parroquiais:.**

- Respecto da frase “toda entidade veciñal que non se poida integrar dentro das nove categorías referidas terá consideración de asociación de veciños”, indicar que non estamos de acordo pois unha asociación inclasificable nas categorías indicadas non ten senso designala como asociación de veciños xa que esta ten unha funcionalidades moi concretas vinculadas á defensa dos intereses de veciños dunha determinada área xeográfica e máis á súa representación. Este tipo de entidades abordan cuestións propias da convivencia, melloras, dinamización do día a día e das infraestruturas ligadas a un barrio, parroquia, cidade, etc. Por exemplo, unha organización ecoloxista ao ser inclasificable neste rango sería designada asociación de veciños, algo que non se axusta para nada á realidade pois este tipo de entidades tratan cuestións moi específicas, sendo as asociacións veciñais multiespecíficas de cun amplo abano social de actuación.
- De existir Vicepresidente/a este será nomeado/a de entre os representantes das asociacións da parroquia.
- De existir Secretaria/o este será nomeado/a de entre os representantes das asociacións da parroquia.

#### **2. - Aportacións-propostas da asociación para ser incluídas na redacción do regulamento de consellos parroquiais:**

- Os membros do consello recibirán informe das Comisións de Seguimento das



## CONCELLO DE REDONDELA

concesións administrativas de subministros de bens e servizos e das inversións que realicen no seu ámbito territorial coa oportuna antelación á súa execución. Tamén serán debidamente informados daquelas outras cuestións que afecten a parroquia, xa sexa promovida polo propio concello, xa sexa promovida por calquera outra administración e da que teña coñecemento o propio concello. As inversións e actuacións a realizar polo Concello na parroquia deberán ser ratificadas en votación no propio consello parroquial previamente á súa realización ou aprobación de execución, coa posibilidade de que sufran emendas que as enriquezan.

- As decisións respecto a programación dos orzamentos participativos será vinculante.
- Os representantes das asociacións no consello realizarán como mínimo unha asemblea conxunta para tódolos veciños da parroquia no que se debata, propoñan e acorden as propostas da parroquia no que se refire aos orzamentos participativos. Levantarase acta desta asemblea cos acordos de proposta adoptados.
- As propostas aprobadas no consello terán carácter preferente á hora de establecer prioridades na parroquia en canto actuacións e inversións demandadas á hora de programar os seguintes orzamentos do concello.
- En todas as sesións ordinarias se incluírá sempre un punto de “Varios” e un punto informativo das actuacións programadas na parroquia polo Concello no seguinte trimestre.
- Informarase debidamente e por escrito a cada responsable das concellerías oportunas das propostas aprobadas pola asemblea do Consello parroquial, así como dos rogos, instancias e propostas formuladas no apartado de Varios.
- Presentarase ao consello documentación acreditativa de que os acordos aprobados en votación e reflectidos en acta foron trasladados axeitadamente ao órgano competente, xa sexa esta unha Concellería do propio Concello u outra administración ou institución (Deputación, Xunta, ADIF, fomento, etc.)
- Poderán votar unicamente os representantes das asociacións da parroquia pois as propostas alí prantexadas son consultivas e doutro xeito desvirtuaríase o que realmente a veciñanza desexa transmitir. No caso de que as propostas se acorde que sexan vinculantes (actualmente non se admite), votarían tamén os representantes políticos e o presidente do consello.
- As entidades representadas deberán estar legalmente constituídas e estar inscritas no rexistro de asociacións do Concello de Redondela.
- Tódolos membros que integran o Pleno do Consello parroquial poderán designar un suplente, incluído os grupos políticos.
- A designación dos representantes das asociacións realizarase mediante acta asinada polas asociacións do seu sector de actuación e con acreditación da representatividade que ostenta na asociación á que pertence (presidente, vicepresidente, tesoureiro, secretario, vogal, socio numerario ou outros). O Concello informará, previamente á constitución do consello, que asociacións de cada parroquia clasificadas por sectores están legalmente constituídas e debidamente inscritas no rexistro de asociacións do concello, para que cada sector se



## CONCELLO DE REDONDELA

autoorganice e realicen as oportunas xuntanzas para designar aos representantes.

- As sesións serán convocadas con alomenos sete días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias.
- A convocatoria coa orde do día de cada sesión, ademais de ser remitida aos membros do Consello Parroquial, exporase coa mesma antelación (sete días hábiles) no taboleiro do local onde se celebre o Consello Parroquial, no taboleiro de anuncios do propio Concello e informarse a través da páxina web do Concello de Redondela e outros medios de comunicación electrónica.
- Os representantes de asociacións representados no Consello Parroquial, previamente á convocatoria do Consello, reuniranse para avaliar conxuntamente as propostas de cada sector da parroquia, integralas e proporcionarlle unha proposta de orde do día ao presidente do consello, para que este os traslade en tempo e forma na convocatoria do Consello Parroquial. Estas xuntanzas autoconvocarase polas propias asociacións da parroquia, sendo de carácter amplo, debendo favorecer que asistan tódalas asociacións de tódolos sectores existentes na parroquia (tanto aquelas que o representante sectorial teña vinculación directa coa asociación como aquelas nas que non se dé este caso).
- Poderán asistir ao Pleno do Consello os veciños e veciñas da parroquia que así o desexen ata completar aforo do local. Aqueles que o soliciten terán voz, en igualdade de condicións que os membros do consello, no apartado de Varios. Poderán entregar propostas para o debate e/ou votación previamente a convocatoria da orde do día aos representantes das asociacións, para que estes lla trasladen ao presidente para incluír na orde do día, ou directamente ao secretario do consello con anterioridade á convocatoria.
- Poñeranse a disposición pública as actas, tanto no taboleiro de anuncios da casa do concello, no local onde se celebra habitualmente o consello parroquial e máis na páxina web do concello. “

O Concelleiro de P.Cidada explica o motivo do cambio do regulamento de Participación dos Consellos Parroquiais de cara a problemática que existe en certas parroquias, sobre todo as de maior tamaño co gran numero de asociacións existentes.

\* Sendo as 21:05 presentase Don Fernando Veiga Estevez, representante das comunidades de montes.

Soledad Vidal Dasilva si a creación de novas asociacións vai mermar a representabilidade dos membros das asociacións xa existentes nos Consellos parroquiais.

O Concelleiro remítese o contido do borrador do regulamento.

Anxo Lusquiños López pregunta que dende o punto de vista do BNG :



## CONCELLO DE REDONDELA

a) porque teñen que figurar as asociacións de empresarios dentro dos posibles membros do Concellos parroquiais debido o seu carácter de animo de lucro.

b) Que debe terse un especial coidado co tipo de asociacións poden entrar nos Consellos parroquiais, ben polo seu carácter privado, ben pola súa pouca representabilidade que poidan ter. Di que as asociacións membros de un consello parroquial deberían ter un certo peso dentro das 9 categorías marcadas no borrados do novo regulamento

Manuel Freire Collazo dí que se debería distinguir entre una Asociación de veciños e unha asociación veciñal, por ser conceptos distintos.

### **6.- Varios (Rogos e preguntas).**

A Presidenta informa que consultados representantes do M.Fomento en relación a certos terreos sen uso derivados da expropiación no entorno do colexio de Cesantes, que unha vez revisado que non constan tales terreos pero que van a proceder a revisar o expediente de expropiación neste sentido.

A Presidenta tamén pasa a detallar certas pequenas intervencións relacionadas con rogos preguntas de Consellos anteriores.

Anxo Lusquiños López pregunta porque non figura a parroquia do Viso dentro dos lugar onde se realizará a Ludoteca de Nadal organizada polo Concello, e que criterios se seguiron para non realizala nesta parroquia. Tamén comenta a falta de publicidade de dita convocatoria de prazas ludoteca de Nadal de cara os nenos do colexio de Cesantes.

A Presidenta informa tras consulta rápida coa Concelleira do area, que se realizan en parroquias que teñen a suficiente demanda e locais adaptados a realización das mesmas, en función de datos de anos anteriores. A presidenta dí que preguntará igualmente polo motivo da non inclusión da parroquia do Viso na convocatoria prazas ludoteca de Nadal.

Alberto Couñago Castellano, comenta ao respecto que se deberían cambiar os criterios de selección dos nenos nos listados de admitidos de ditas prazas de ludoteca, xa que a simple orden de presentación de solicitudes vai en perxuicio das familias das parroquias e *evitar enchufismos*.

Tamén pregunta Noemí Durán Couñago pola falta de realización de outros tipos de cursiños de carácter municipal na parroquia do Viso.

Manuel Freire e Soledad Vidal pasan a relacionar unha serie intervencions na parroquia a Presidenta:



## CONCELLO DE REDONDELA

- a) Informan do borrado das letras de bastantes nomes de camiños
- b) Solicitan un espello para o camiño da Nogueiriña, pola mala colocación do instalado con anterioridade.
- c) Solicitan soportes para os contenedores do lixo debido ao perigo que supoñen estes con días de vento.
- d) Solicitan puntos de alumado público para o cruce de camiño S.Martiño co camiño das Patelas

A presidenta solicita que se lle relacione os carteis con nomes de camiños mal rotulados, para poder verificalo.

Manuel Freire Collazo recorda re pregunta se produciu algún cambio na situación dos Orzamentos participativos, anulados este ano por acordo Plenario.

Noemí Durán Couñado propón que no futuro se diversifique os destino a o que se dedican os orzamentos participativos, fora dos simple arranxo de camiños, alumados diversos e espellos.

Alberto Couñado Castellano volve a reiterar a falla de solucións sobre problemáticas de anteriores Consellos parroquiais, como as beirarrúas nas estrada do Viso, o aparcadoiro do colexio de Cesantes, a circulación tráfico pesado sobre a estrada do Viso, o camiño de valdravon, etc

Anxo Lusquiños López recorda que o Pleno do 20/12/2012 xa aprobou unha solicitude de eliminación do tráfico pesado sobre a estrada do Viso a Deputación Provincial; como se atopa esa solicitude e que actuacións provocaron.

A Presidenta comprométese a localizar dita solicitude, que descoñece.

Asimesmo Anxo Lusquiños solicita que se repinte os pasos de peóns da estrada do Viso.

Tanto Soledad Vidal como Noemí Dúran reclaman que ou ben se regule a velocidade no entorno do bar "Madis" ou se intale un paso elevado para minorar a velocidade dos vehiculos por esa zona ante a existencia dunha parada de autobús con pouca visibilidade.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinteduas horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.

[Aprobada definitivamente en sesión Cons. Parroquial do 22/03/2016](#)